

PROGRAMACIÓN FESTA DO PULPO 2024 – 52ª EDICIÓN

SEMANA GRANDE PARA PEQUENOS

ACTIVIDADES INFANTÍS

Do 30 de xullo ao 2 de agosto, de 19 a 21 h na Praza da Vera Cruz

ANDAINA NOCTURNA AOS PETRÓGLIFOS DE CANGUES. Centro de Estudios Chamoso Lamas Venres, 2 ás 21.30 h no Campo da Festa de Madarnás

MOSTRA VIÑOS D.O. RIBEIRO

Sábado, 3 - ás 12 h e ás 21.30 h na Praza Maior
Animación musical **OS BIRUXES**
- ás 20 h na Praza Maior
CONCERTO DE ISIDRO VIDAL

Domingo, 4 - ás 12 h e ás 21.30 h na Praza Maior
Animación musical **OS BIRUXES**
- ás 20 h na Praza Maior
CONCERTO - EL HECHIZO DE NORA

CONCERTO DE CLON MELA

Luns, 5 ás 20 h na Praza Maior

Agrupación composta por 4 músicos onde fusionan a música tradicional galega con outras músicas centroeuropeas. Os compoñentes de Galicia, Francia e Holanda deleitarán con zanfona, acordeón, bombo e castañuelas ao público nunha tarde-noite divertida e animada.

A TAPA XIGANTE MÁIS GRANDE DO MUNDO

Martes, 6 - a partir das 19 h na Praza Maior
Animación musical **TERRAS DO ARENTEIRO**
- ás 21 h na Praza Maior
CONCERTO de SOUL & ROCK

ORQUESTRA AMÉRICA

Mércores, 7 ás 23 h na Praza Maior

ORQUESTRA COMBO DOMINICANO

Xoves, 8 ás 23 h na Praza da Vera Cruz

PARTIDO DE FÚTBOL C.D ARENTEIRO – PONTEVEDRA C.F

Venres, 9 ás 19.30 h no Campo do Espiñedo

DISCOMÓVIL GRAMOLA

Venres, 9 ás 23 h na Praza Maior

FESTA DAS CAMISETAS – ANIMACIÓN MUSICAL DE DJS

Sábado, 10 ás 17 h na Praza Maior

FESTA DO PULPO

Domingo, 11 - a partir das 11 no Parque Municipal e rúas da vila

Animación musical de CHARANGAS / GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL

- de 12 h a 18 h no Parque Municipal

FESTIVAL FOLCLÓRICO DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL: CORIBANTES /

CANTA NAS CROAS / CANTAREIRAS MADIALEVA / AUSKELGA

- ás 20.30 h na Praza Maior

CONCERTO AMIGOS DO ACORDEÓN TERRAS DE CELANOVA

- ás 23 h na Praza Maior

CONCERTO de OSCAR IBÁÑEZ & TRIBO

OSCAR IBÁÑEZ & TRIBO

Un dos concertos estelares do programa cultural da Festa do Pulpo vai ser sen dúbida algunha a actuación de Óscar Ibáñez e Tribo, unha das bandas de folk máis destacadas de Galicia, que presentará o espectáculo TRIBAL 20, co que celebra o vinte aniversario da súa traxectoria artística. A banda está formada por catorce músicos do máis alto nivel, e leva realizados máis de 250 concertos por toda a Península Ibérica, Alemaña, Bretaña e Italia, e ten participado nos máis importantes festivais de música folk de Europa.

A Óscar Ibáñez témoslle ademais un cariño moi especial no Carballiño, porque foi quen promoveu no ano 2018 unha homenaxe ao Mestre Vide, autor do Himno do Carballiño con letra de Xosé Fariña Jamardo, que Ibáñez gravou nun CD xunto con outras composicións do músico ourensán.

Así que, é un motivo de satisfacción que vaia a estar na Praza Maior do Carballiño na semana da Festa do Pulpo para ofrecer o que será sen dúbida algunha un dos mellores concertos de música folk que se tiña visto no Carballiño.

OS CORIBANTES DE BUCHABADE / CANTA NAS CROAS / MADIALEVA

Son agrupacións que unen tradición, xuventude e intensidade.

O baile, canto e música tradicional galega compoñen os seus repertorios. As formacións iniciais contaron cun mínimo número de compoñentes, sendo director Andrés Lorenzo Castro que participaba no grupo “A Roda”. Co tempo ademais dun aumento de compoñentes, incorporan instrumentos menos habituais na música tradicional, como guitarra, batería ou teclado.

As Cantareiras Madialeva, composta de 14 voces femininas cantan pezas de orixe tradicional, aínda que tamén se atreven con outros estilos.

EUSKELGA

O grupo ESUSKELGA ven do País Vasco e presentará un repertorio de música folk-celta formado por un irlandés, un italiano e tres vascos.